

6.1. Introducción

A actual Lei Orgánica de Educación (LOE) establece non seu art. 39 que a Formación Profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e participación activa na vida social, cultural e económica.

A Formación Profesional en España está integrada por 3 subsistemas: a Formación Profesional regrada como parte do sistema educativo, a Formación Ocupacional dirixida aos desempregados e a formación continua dirixida aos traballadores en activo.

A primeira delas está integrada dentro do sistema educativo e é este o que establece qué tipo de ensino conducirá á obtención dun título académico con validez en todo o territorio nacional e que posibilita o acceso a outros estudos de nivel superior.

En segundo lugar, a Formación Profesional Ocupacional regúlase polo Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (PLAN FIP) e o seu obxectivo é cualificar aos desempregados co fin da súa integración non mercado laboral.

E por último a Formación continua pretende proporcionar aos traballadores ocupados a formación que podan necesitar ao longo da súa vida laboral, para que obteñan os coñecementos e competencias requiridas en cada momento polas empresas.

O nexo regulador dos tres subsistemas é a Lei Orgánica das Cualificacións de Formación Profesional, do 19 de xuño de 2002, que no seu art. 9 di: “A formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe ás ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais”.

Nesta análise excluiremos o primeiro subsistema da Formación Profesional por pertencer ao sistema educativo, polo que a Formación Profesional Ocupacional e a Formación Continua serán as que centren a nosa atención.

A Formación Profesional Ocupacional, mediante o Real decreto 146/1993 do 29 de xaneiro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de xestión da formación profesional ocupacional (BOE nº 54 e DOG nº 43 do 4 de marzo de 1993) e o Decreto 69/1993 do 10 de marzo (DOG nº 56 do 24 de marzo de 1993), foi asumida pola Comunidade Autónoma de Galicia e é concretamente a Subdirección Xeral de Formación Ocupacional, dependente da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, quen xestiona a Formación Profesional ocupacional e continua. Polo tanto, é a Xunta de Galicia a que xestiona ás accións do Plan FIP que aproba anualmente con suxeición, en todo caso, aos obxectivos establecidos na planificación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo coas necesidades de formación das diferentes rexións e sectores produtivos, detectadas polo Observatorio Ocupacional do Servizo Público de Emprego Estatal e en especial, a través das tendencias de contratacións dos últimos tres anos, así como a inserción dos alumnos formados.

A impartición dos cursos do Plan FIP lévase a cabo pola propia Xunta de Galicia. Tamén poderán colaborar na impartición das accións de formación profesional ocupacional: Centros Colaboradores para impartir especialidades formativas homologadas, organizacións empresariais ou sindicais e entidades públicas ou privadas de formación ou empresas que subscribiran convenio de colaboración.

Os cursos de formación ocupacional poderán ser de carácter presencial ou a distancia e incluírán unha parte práctica que deberá realizarse en aulas-obradoiro ou en empresas.

As accións do Plan FIP van dirixidas a desempregados, tendo preferencia:

- Perceptores de prestación ou subsidio de desemprego
- Maiores de 25 anos, en especial se levan máis dun ano inscritos como parados.

- Maiores de 25 anos que perderan un emprego anterior de polo menos seis meses de duración.
- Demandantes de primeiro emprego, cando as empresas se comprometan a contratar, como mínimo, o 60% dos alumnos.
- Desempregados con especiais dificultades de inserción ou reinserción laboral, como mulleres, minusválidos ou migrantes.

A selección de alumnos efectuarase tendo en conta os obxectivos fixados na planificación, as características dos cursos, as necesidades de formación dos parados e o principio de igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos.

Co fin de mellorar a transparencia do mercado de traballo e facilitar a libre circulación dos traballadores no ámbito comunitario, estableceranse os itinerarios formativos e os coñecementos mínimos en cada especialidade que conduzan ao Certificado de Profesionalidade, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Será expedido aos alumnos que superaran as avaliacións correspondentes ao respectivo nivel profesional.

O certificado de profesionalidade ten por finalidade acreditar as competencias profesionais adquiridas mediante accións de formación profesional ocupacional, programas de Escolas Obradoiros e Casas de Oficio, programas de Obradoiros de Emprego, accións de formación continua ou experiencia laboral.

A Formación continua dos traballadores ocupados regúlase polo Real Decreto 1046/2003 do 1 de agosto polo que se regula o Subsistema de Formación Profesional Continua. Coa entrada en vigor, a partir do 1 de xullo de 2006, do Real decreto 552/2006 do 5 de maio, de ampliación dos medios económicos adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 146/1993 do 29 de xaneiro, en materia de xestión da formación profesional ocupacional, vanse producir importantes modificacións na xestión da Formación Continua.

Durante 2005 estas accións complementáronse en Galicia, coa publicación anual de dúas ordes de convocatoria de subvencións: contratos programa e accións complementarias e de acompañamento á formación.

A característica primordial da Formación Ocupacional e continua debe ser a súa adaptación permanente ás necesidades do mercado de traballo, tanto formando traballadores para a súa inserción laboral, como proporcionando ás empresas, traballadores cunha alta cualificación profesional que poidan satisfacer as demandas dos sectores produtivos.

As accións da Formación Ocupacional deben supeditarse aos obxectivos xerais da política de emprego: Planificación plurianual de obxectivos, existencia duns requisitos mínimos que deben cumprir os centros colaboradores a través dos cales se imparte a formación e a necesidade de establecer as ensinanzas mínimas de cada especialidade para expedir os correspondentes certificados de profesionalidade.

6.2. Formación profesional

O sistema de formación profesional (FP) está dividido en tres subsistemas: a FP inicial ou específica, pertencente ao sistema educativo; a FP continua que vai dirixida a traballadores ocupados, e a FP ocupacional, centrada no ámbito laboral e que vai dirixida aos traballadores desempregados.

Inclúese a continuación un cadro resumo dos cursos, tanto ocupacional como continua impartidos en Galicia no ano 2005.

Formación Profesional Ocupacional. 2005

■ Cadro 6.1

	Cursos	Alumnos	Orzamento
FIP (excluídos compromisos de contratación)	1.363	21.993	40.771.433
FIP (excluídos compromisos de contratación)	91	1.377	2.131.182
FIP - Programación ordinaria	114	1.612	213.335
Compromisos de contratación FIP	250	3.616	7.044.507
Medios propios	34	499	389.006
Plan autonómico de formación de formadores	565	9.488	3.807.909
Total FIP	2.417	38.585	54.357.372

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

A Consellería de Traballo ten atribuído o exercicio das competencias e funcións relativas á formación profesional ocupacional. Estas realízanse a través da Subdirección Xeral de Formación Ocupacional e Continua. No ano 1999 créase o Instituto Galego das Cualificacións, como instrumento específico de carácter técnico para garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións.

A formación profesional ocupacional é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para traballadores desempregados co obxecto de cualificalos e que se integren dentro do mercado laboral.

Mediante a programación do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), convocado anualmente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, prográmanse accións formativas para desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. Fóra do plan FIP, realízanse tamén outras accións formativas que completan a oferta de mellora da cualificación. Todas as accións de formación profesional ocupacional están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Froito das programacións levadas a cabo durante o ano 2005, a formación profesional ocupacional en Galicia tivo como beneficiarios 35.587 alumnos, repartidos nun total de 2.401 cursos programados. Nesta programación poden analizarse os cinco grupos fundamentais:

1. Cursos do plan FIP de programación ordinaria
2. Cursos do plan FIP con compromiso de contratación.

3. Cursos do plan FIP impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia.
4. Cursos do Plan Autonómico de formación de formadores.
5. Accións formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

PLAN DE FORMACIÓN E INSERCIÓN PROFESIONAL (FIP)

A normativa básica reguladora do Plan FIP está contida no Real Decreto 631/1993, do 3 de maio, desenvolvido pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994 que, á súa vez foi modificada pola Orde do 14 de outubro de 1998. Neste Marco Xurídico, a consellería Públicou a Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio do ano 2005 (DOG nº 249, do 24 de decembro).

Esta orde de convocatoria establece que as comisións de avaliación encargadas de aprobar a programación se constituíran nos servizos centrais e en cada unha das delegacións provinciais da consellería.

O criterio de repartición das solicitudes entre as distintas comisións foi o de encomendar á Comisión de Valoración dos servizos centrais a resolución das solicitudes de entidades pluriprovinciais e a cada delegación provincial a dos centros radicados no seu ámbito territorial.

Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2005 programáronse un total de 1433 cursos, cun presuposto total de 44.006.420,28 euros, segundo se especifica nos apartados que se desenvolven a continuación:

Distribución territorial Plano FIP⁽¹⁾. Por programas e provincias. 2005

■ Cadro 6.2

Programa	Provincia	Cursos	Alumnos	Orzamento
Pluriprovincial				
Provincial				
	A Coruña	454	7.070	14.516.401
	Lugo	282	4.274	7.579.525
	Ourense	300	4.729	9.290.084
	Pontevedra	397	6.304	12.620.480
	Subtotal	1.433	22.377	44.006.490
Galicia		1.433	22.377	44.006.490

(1) Excluídos os de con compromiso de contratación

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

DISTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN POR ÁREAS FUNCIONAIS

A consellería distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das bisbarras en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto preténdese agrupar aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego neles.

A continuación recóllese a programación correspondente ao exercicio do ano 2005 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por áreas funcionais. A Coruña. 2005.

■ Cadro 6.3

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Barcala	5	73	113.154,45
A Coruña	174	2.680	5.874.888,40
Arzúa	2	34	43.862,70
Barbanza	19	298	398.027,55
Bergantiños	14	233	522.961,11
Betanzos	16	253	528.569,57
Eume	13	210	402.185,86
Ferrolterra	101	1.523	3.343.038,53
Fisterra	7	101	162.712,23
Muros	1	19	33.194,25
Noia	10	158	263.229,75
O Sar	2	33	74.790,45
Ordes	2	34	34.797,60
Santiago	76	1.225	2.369.874,39
Terra de Melide	4	62	85.540,47
Terra de Soneira	3	60	90.020,25
Xallas	5	74	175.553,85
Total	454	7.070	14.516.401,41

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por áreas funcionais. Lugo. 2005

■ Cadro 6.4

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Fonsagrada	1	15	9.422,25
A Mariña Central	34	500	879.166,22
A Mariña Occidental	21	279	539.388,61
A Mariña Oriental	13	179	180.894,31
A Ulloa	3	45	40.346,56
Chantada	7	108	182.610,65
Lugo	160	2.456	4.496.755,73
Meira	2	32	51.345,90
Os Ancares	1	15	34.746,60
Quiroga	3	49	114.931,50
Sarria	9	141	226.242,15
Terra Chá	10	165	258.884,57
Terra de Lemos	18	290	564.840,42
Total	282	4.274	7.579.575,47

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por áreas funcionais. Ourense. 2005

■ Cadro 6.5

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Limia	13	206	404.316,00
Allariz-Maceda	3	47	106.669,95
Baixa Limia	2	31	69.529,80
O Carballiño	17	266	430.147,95
O Ribeiro	8	125	233.547,45
Ourense	224	3.526	7.018.786,83
Terra de Caldelas	1	12	24.792,15
Terra de Celanova	2	30	66.442,95
Terra de Trives	2	30	41.685,75
Valdeorras	15	234	496.500,75
Verín	12	207	370.522,92
Viana	1	15	27.115,05
Total	300	4.729	9.290.057,55

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por áreas funcionais. Pontevedra. 2005

■ Cadro 6.6

	Cursos	Alumnos	Orzamento
Caldas	7	101	208.817,85
O Baixo Miño	14	231	517.085,55
O Deza	23	380	655.210,14
O Morrazo	22	354	807.979,62
O Salnés	33	491	858.247,59
Pontevedra	67	1.060	1.868.335,44
Taberós-Terra de Montes	18	294	693.324,90
Vigo	213	3.393	7.011.407,76
Total	397	6.304	12.620.408,85

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Formación ocupacional. Plano FIP⁽¹⁾. Programación. Por provincias. Galicia. 2005

■ Cadro 6.7

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	454	7.070	14.516.401,41
Lugo	282	4.274	7.579.575,47
Ourense	300	4.729	9.290.057,55
Pontevedra	397	6.304	12.620.408,85
Galicia	1.433	22.377	44.006.443,28

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

SEGUIMIENTO E CONTROL DOS CURSOS

A consellería realiza unha actividade de seguimento e control da calidade dos cursos impartidos dentro de cada programación.

Para estes efectos, os técnicos de formación profesional ocupacional das delegacións provinciais da consellería realizan, durante o período da súa impartición, unha media de tres visitas a cada un dos cursos aprobados dentro da programación. Nestas visitas emítese un informe que, con independencia doutros efectos, servi-

rá para valorar a calidade dos cursos impartidos por cada entidade de cara ao baremo que servirá para aprobar a programación do ano seguinte.

O INFORME DE INSERCIÓN LABORAL DOS CURSOS

A través do cruzamento de datos do sistema informático de formación ocupacional e os servizos públicos de emprego de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional ocupacional, que finalizaron o curso con avaliación positiva.

Nestes momentos, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2005 era o 30 de novembro, só se conta cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2004.

O informe xeral de inserción laboral dos cursos da programación de 2004 reflicte, aos doce meses dende a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra do 59,61% dos alumnos inseridos laboralmente.

HOMOLOGACIÓNS

Os centros colaboradores de formación profesional ocupacional son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente (Decreto 158/2001, do 29 de xuño, (DOG nº 136, do 13 de xullo), obtiveron a homologación dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución do Director Xeral de Formación Profesional e Colocación, e a conseguinte inscrición no censo de centros colaboradores de formación profesional ocupacional da Comunidade Autónoma de Galicia.

O censo de centros colaboradores é un libro-rexistro, con soporte informático, no que se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades que obteñan a homologación dalgunha das especialidades formativas. Na actualidade hai un total de 968 centros censados.

Segundo se especifica na normativa vixente, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación do Plan FIP deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades homologadas polo Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo adecuado de acordo co seu nivel formativo e grao de dificultade establecido.

Isto fai que o Censo de Centros colaboradores sexa un instrumento fundamental de cara á aprobación das distintas programacións do plan FIP e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro de 2004 había homologadas un total de 402 especialidades.

SECTORIALIZACIÓN

No ano 2005 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora no ámbito da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual aos requirimentos do mundo produtivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria; o perfeccionamento continuo dos docentes dende a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ao que demanden as empresas, o que supón priorizar a formación no posto de traballo e as prácticas non laborais e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde do 16 de decembro de 2004, pola que se establece a convocatoria pública para a programación dos cursos do Plan FIP para o exercicio do ano 2005, estivo centrado nos sectores que a continuación se especifican:

Sectorización

■ Cadro 6.8

	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	184	479	6.734.666,93
Agraria	31	2.940	931.149,92
Artesanía	15	251	654.787,52
Automoción	13	223	786.828,12
Comercio	77	1.208	1.956.054,18
Docencia e investigación	15	215	228.235,86
Edificación e obras públicas	88	429	3.797.174,24
Industria pesada e construcións metálicas	28	48	1.455.305,51
Industrias alimentarias	19	400	730.589,40
Industrias da madeira e a cortiza	25	204	1.226.910,70
Industrias de fabric. equipos electromecánicos	16	296	573.218,65
Industrias gráficas	5	253	202.068,79
Industrias químicas	7	315	52.269,45
Industrias téxtiles	19	181	708.517,02
Información e manifestacións artísticas	11	71	475.591,31
Mantemento e reparación	15	111	677.713,65
Montaxe e instalacións	31	470	1.419.194,48
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	8	1.674	233.869,71
Sanidade	105	1.090	2.937.524,76
Seguros e finanzas	73	1.602	1.548.645,31
Servizos á comunidade e persoais	100	6.310	2.882.569,80
Servizos ás empresas	412	1.458	8.421.887,00
Transportes e comunicacións	67	1.052	1.991.461,35
Turismo e hostalaría	69	1.097	3.380.186,62
Total	1.433	22.377	44.006.420,28

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6.2.2. Cursos con compromiso de contratación

No exercicio do ano 2005 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional con compromiso de contratación, mantendo o requisito de anos anteriores de contratar; como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Estes cursos, aínda que se financian con cargo ao presuposto do Plan FIP teñen unha partida específica e, para facilitar a entrada de entidades interesadas en participar nesta vía de acceso á formación profesional ocupacional, non se estableceu data límite para presentar a solicitude correspondente (fronte ao resto das solicitudes que se tiñan que presentar nun prazo de 40 días naturais dende o seguinte á publicación da orde) para facilitar que a solicitude se adaptase ás necesidades produtivas da entidade.

■ Cadro 6.9

Distribución provincial. 2005	
	Empresas
A Coruña	6
Lugo	6
Ourense	6
Pontevedra	3
Galicia	21

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

■ Cadro 6.10

Cursos con compromiso de contratación. Galicia. 2005			
	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	12	181	306.857,51
Lugo	15	221	370.023,85
Ourense	15	250	403.065,25
Pontevedra	20	233	94.251,00
Galicia	62	885	1.174.197,61

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

DISTRIBUCIÓN SECTORIAL

A distribución sectorial da programación dos cursos con compromiso de contratación foi a seguinte

Cursos con compromiso de contratación. 2005. Sectorialización

■ Cadro 6.11

	Cursos	Alumnos	Orzamento
Comercio	34	447	295.491,75
Industria pesada e construcións metálicas	6	105	171.594,95
Industrias da madeira e cortiza	6	94	187.866,65
Industrias de fabricación equipos electromec.	1	12	41.256,80
Industrias gráficas	1	17	39.592,80
Industrias téxtiles	1	18	34.713,90
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	2	29	79.047,30
Sanidade	7	108	107.063,50
Servizos á comunidade e persoais	2	25	54.852,96
Servizos ás empresas	2	30	162.717,00
Total	62	885	1.174.197,61

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6.2.3. Programación en centros propios

Con cargo ao presuposto do Plan FIP impartíronse, na programación do ano 2005, un total de 169 cursos de formación profesional ocupacional en centros de titularidad da Xunta de Galicia, por un importe total de 5.466.670,17 euros. Nestes cursos participaron 1.884 alumnos.

Estes cursos impartíronse nos centros propios dependentes da extinta Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que son os centros de formación profesional ocupacional de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro Santa María de Europa (Ourense) e Coia-Vigo-Vigo, así como nas unidades de Acción Formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos. Impárten-se cursos, así mesmo, no centro de formación de Labañou (A Coruña).

Tamén se impartiron cursos noutros centros propios da Xunta de Galicia mediante a sinatura dun convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Continuando co proceso iniciado no ano 2001 impartíronse cursos de formación profesional ocupacional adxudicados por concurso. A situación física dos centros propios de formación profesional ocupacional e dos centros colaboradores, e a carencia de equipamento móbil suficiente para atender todas as posibilidades fai que, en ocasións, se produza un desaxuste entre a oferta formativa dunha bisbarra e os datos máis relevantes do seu mercado de traballo (profesións máis ofrecidas polas empresas, maior número de contratos laborais, etc)

Por este motivo, o Instituto Galego das Cualificacións fixo un estudo sobre estes desaxustes e adoptouna como solución para este problema a contratación, a través de concurso Público, daqueles cursos que, tendo unha demanda empresarial evidente, se se teñen en conta os contratos e ofertas de traballo nunha bisbarra empresarial determinada, non se podía facer por falta de equipamento propio ou

alleo homologado. No ano 2005, seis entidades impartiron mediante esta modalidade 8 cursos a 120 alumnos, cun presuposto de 200.154,20 euros.

■ Cadro 6.12

Cursos de medios propios. 2005

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	66	857	2.179.059,62
Lugo	56	612	1.716.345,30
Ourense	27	114	956.738,65
Pontevedra	20	301	614.526,60
Galicia	169	1.884	5.466.670,17

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

DISTRIBUCIÓN SECTORIAL

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2005 en centros propios foi a seguinte:

■ Cadro 6.13

Cursos impartidos en centros propios. Distribución sectorial. 2005.

	Cursos	Alumnos	Orzamento
Agraria	11	101	338.210,55
Artesanía	1	3	38.029,05
Automoción	9	96	477.109,60
Docencia e investigación	9	75	86.658,40
Edificación e obras públicas	26	280	852.488,57
Industria pesada e construcións metálicas	14	170	476.502,60
Industrias alimentarias	1	13	34.675,20
Industrias da madeira e a cortiza	16	153	590.350,75
Industrias de fabric. equipos electromecánicos	17	156	708.118,25
Industrias téxtiles	1	15	28.365,45
Mantemento e reparación	15	185	532.990,40
Montaxe e instalacións	15	132	420.074,65
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	2	16	57.687,30
Sanidade	5	75	142.499,55
Seguros e finanzas	1	15	31.204,65
Servizos á comunidade e persoais	7	78	148.560,10
Servizos ás empresas	6	144	171.128,50
Transportes e comunicacións	6	70	69.185,10
Turismo e hostalaría	7	107	262.831,50
Total	169	1.884	5.466.670,17

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6.2.4. Plan Autonómico de formación de formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, sobre aprobación do certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional, durante o ano 2005 asinou un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a impartición de cursos de formación profesional ocupacional a distancia a través da Aula de Produtos Lácteos.

Cun investimento de 100.000 euros, programáronse diversas actividades formativas, entre as que se atopan as catro unidades de competencia dos cursos de formador ocupacional (DOFF10), para 150 alumnos cada unha. No mesmo convenio e en distintos lotes incluíronse catro accións máis para 300 alumnos.

6.2.5. Accións formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo

Accións formativas cofinanciadas polo FSE. 2005.

■ Cadro 6.14

	Cursos	Alumnos	Orzamento
I. Desempregados			
A.- Compromisos de contratación	85	1.445	182.156,75
B.- Cursos de posgrao e cursos organiz. por escolas de espec. prof. das univers. galegas.	4	98	125.400,00
C.- Accións de carácter experimental complem. das reguladas no Plan FIP	107	1.426	885.057,12
II. Ocupados			
A.- Accións formativas referidas unicamente ás espec. formativas incluídas no CNEF de FPO	74	738	358.823,57
B.- Accións formativas que se poidan considerar de carácter experimental	459	6.284	1.415.242,71
Galicia	729	9.991	2.966.680,15

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Accións formativas cofinanciadas polo FSE. 2005. Totais

■ Cadro 6.15

Cursos	Alumnos	Orzamento
729	9.991	2.966.180,15

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Traballadores desempregados

A Dirección Xeral de Formación e Colocación programou no exercicio do ano 2004 unha serie de accións formativas experimentais complementarias dos cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (FIP), debido a que a regulación deste plan, que conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas, pode deixar sen atender especialidades de especial interese, tanto dende o punto de vista do colectivo que atenden coma dos sectores produtivos aos que se dirixe.

Estas accións foron reguladas a través da Orde do 17 de decembro de 2004, polo que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP cofinanciadas polo FSE na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2005.

■ Beneficiarios e presuposto

Ao amparo desta orde programáronse un total de 196 accións formativas dirixidas todas elas a traballadores desempregados, nas que participaron un total de 2.969 alumnos, cun presuposto de 1.192.613,87 euros.

Traballadores ocupados

O obxecto desta convocatoria é o financiamento de accións formativas incluídas no Catálogo Nacional de Especialidades Formativas de Formación Profesional Ocupacional, así como de accións formativas que se poidan considerar de carácter estratéxico e/ou de carácter experimental.

Estas accións regúlanse na Orde do 8 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados cofinanciadas polo FSE na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2005.

■ Beneficiarios e presuposto

Ao amparo desta orde programáronse un total de 729 accións formativas dirixidas todas elas a traballadores ocupados, nas que participaron un total de 9991 alumnos, cun presuposto de 2.966.180,15 euros.

6.2.6. O Plan de perfeccionamento técnico

O Instituto de Emprego- Servizo Público de Emprego Estatal convoca anualmente unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos do Plan FIP, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación profesional distribuídos por todo o territorio do Estado.

Nesta área a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en catro fases:

- Dar a publicidade necesaria á convocatoria do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal entre os docentes que realizan o seu labor no ámbito da Comunidade Autónoma.
- Remitir, informadas polo Director Xeral de Formación e Colocación, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.
- Comunicar aos docentes a súa admisión nos cursos solicitados, así como aqueles datos que deban coñecer para participar neles.
- Poñer en coñecemento dos servizos centrais do Instituto de Emprego - Servizo Público de Emprego Estatal a relación dos seleccionados que manifesten a súa dispoñibilidade para asistir estes.

No ano 2005, na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse 6 cursos no Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago de Compostela, aos que

asistiron docentes do Plan FIP ou de escolas obradoiro de diversas comunidades do Estado.

6.2.7. Plan de Calidade en Centros de Formación Profesional Ocupacional

Dende que a Xunta asumiu as competencias de xestión da formación ocupacional en 1993, fixouse como obxectivo a mellora da calidade dos cursos, axustándose aos obxectivos de conseguir a competencia profesional do alumnado para a súa inserción laboral. Para lograr este obxectivo establecéronse as seguintes actuacións:

Primeira: dirixida aos centros e ás dotacións utilizadas na formación. Para isto aprobáronse os correspondentes decretos de homologación.

Segunda: Orientada á calidade do profesorado, con dúas accións: o Plan de Perfeccionamento teórico de formadores do Plan FIP, xestionado polo Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal, e o Plan autonómico de formación de formadores de formación profesional ocupacional.

Terceira: dirixida á mellora dos procedementos de planificación, xestión, seguimento e avaliación das accións formativas por parte da propia consellería. A Dirección Xeral de Formación e Colocación puxo en marcha diferentes medidas orientadas á garantía da calidade e obxectividade nas súas programacións anuais.

En 1999 chegou o momento de dar un paso máis na mellora da calidade da formación profesional ocupacional en Galicia, achegándonos ao concepto de calidade total e procurando articular unha acción conxunta entre administración xestora e centros colaboradores.

Tratábase, ademais, de incorporar novos conceptos máis esixentes, referidos á calidade dos procesos internos dos centros, a satisfacción do persoal e dos usuarios, a capacidade de planificación axustada aos obxectivos de cada acción, etc. Para esta finalidade, contratáronse os servizos dunha empresa allea á Administración para redactar un modelo matriz de control de calidade na xestión, segundo o modelo europeo de calidade total, co obxecto de incorporar os máis novos conceptos de calidade, entendida como a busca da excelencia na formación profesional ocupacional.

En 2000, á vista dos resultados obtidos, considerouse necesario continuar o labor iniciado no ano 1999, co fin de conseguir unha mellora global da formación profesional ocupacional en Galicia. Por isto, quíxose dar continuidade á implantación do modelo de excelencia iniciado a través de dúas vías: aprofundando na implantación do modelo nos 60 centros que participaron no proxecto piloto e difundindo o modelo e iniciando a súa implantación noutros 40 centros.

No ano 2001, co fin de seguir avanzando na implantación do modelo de excelencia nos centros de formación profesional ocupacional en Galicia, iniciados os dous anos anteriores, abordouse unha terceira etapa deste proxecto. O criterio de selección dos centros participantes foi dobre: por unha parte debían ser centros que participasen no proxecto o ano anterior e, pola outra, que tivesen un mínimo de

dous cursos programados para o ano 2001, co que se conseguiu maior representatividade e a avaliación dun maior volume de xestión.

Co proxecto do ano 2001, no que participaron 80 centros, finalizou o período inicial de tres anos fixado dende o inicio para ter certa comparación respecto dos centros e das súas actuacións de mellora ao longo de tres anos consecutivos.

Unha vez finalizada a primeira fase do proxecto, e para proseguir apoiando activamente a implantación do modelo de excelencia desenvolvido e estendelo á totalidade dos centros de formación profesional ocupacional, a Dirección Xeral de Formación e Colocación convocou un novo concurso, de carácter plurianual para os anos 2002 e 2003, no que se incluíron tres grupos de centros: os 80 centros colaboradores incluídos no proxecto de 2001; 117 centros colaboradores non incluídos no proxecto de 2001, e, como novidade, os 6 centros propios dependentes da consellería e as unidades formativas de Bertamirás e Monforte de Lemos.

No ano 2004 iniciouse un novo proceso no camiño da calidade nos centros de formación profesional ocupacional, que tiña como obxectivo a implantación dun sistema de xestión da calidade segundo os requisitos da norma internacional de calidade UNE En ISO 9001:2000 estes centros.

Esta implantación tivo dous apartados, un para a totalidade dos procesos dos centros en tres dos seis centros propios da Xunta de Galicia nun máximo de oito centros colaboradores. Outro para os procesos operativos dos centros, para os que se fixeron accións nos tres centros propios restantes e en dúas unidades de acción formativa.

Unha vez finalizado o traballo pola empresa encargada de realizar estes labores, logrouse a implantación do sistema, en todos os seus procesos, en cinco dos seis centros existentes, así como dos procesos clave no Centro Nacional de Santiago de Compostela e nas unidades de acción formativa de Monforte de Lemos e de Ames. Ao mesmo tempo a logro a implantación do sistema, en todos os seus procesos, nos oito centros colaboradores que participaron no proceso.

O obxectivo final conseguido foi a certificación en calidade por parte da Asociación de Normalización e Certificación, AENOR, dos centros de formación profesional ocupacional de Ferrol, Lugo, Santa María de Europa de Ourense e Coia-Vigo-Vigo, así como oito dos centros colaboradores participantes.

FORMACIÓN PROFESIONAL CONTINUA

A formación profesional continua, regulada no Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, ten como finalidade proporcionarlle aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitadas aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Dentro deste subsistema de formación profesional existen dous tipos de accións: os contratos programas e as accións complementarias e de acompañamento á formación.

Formación profesional continua. 2005.**■ Cadro 6.16**

	Cursos	Alumnos	Orzamento
Contratos programa	1.932	31.649	19.681.706,84
Accións complementarias e de acompañamento á formación	24	0	1.296.700,83
Total	1.956	31.649	20.978.407,67

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Contratos programa

Esta orde ten por obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación continua de ámbito autonómico mediante a subscripción de contratos programa.

Están regulados na Orde do 19 de abril de 2005, pola que se aproba a convocatoria, de ámbito autonómico, para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores ocupados, en aplicación da Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo correspondentes ao exercicio de 2005 (DOG nº 80, do 27 de abril de 2005).

■ Beneficiarios e presuposto

Ao amparo desta orde programáronse un total de 1932 accións formativas dirixidas todas elas a traballadores ocupados. Nelas participaron un total de 31.649 alumnos, cun presuposto de 19.681.706,84 euros.

Accións complementarias e de acompañamento á formación

Os proxectos obxecto de financiamento nesta convocatoria terán como finalidade o desenvolvemento de accións de investigación, prospección do mercado de traballo, determinación das necesidades de formación, análise de repercusión da FPC na competitividade das empresas e dos traballadores, a realización de estudos de carácter sectorial e multisectorial de produtos e ferramentas innovadoras relacionados coa formación continua, dirixidas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aparecen reguladas na Orde do 29 de marzo de 2005 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións complementarias e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/2782/2004, do 30 de xullo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG nº 67, do 8 de abril).

■ Beneficiarios e presuposto

Ao amparo desta orde programáronse un total de 24 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional continua en Galicia. O Presuposto invertido no ano 2005 foi de 1.296.700,83 euros.

O PLAN GALEGO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

O Plan Galego de formación profesional (PGFP) foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 27 de xuño de 2001, e aparece contextualizado no marco de desenvolvemento do II Programa Nacional de formación profesional e dos Acordos polo crecemento e o emprego en Galicia 1998/2001. Supón un impulso ás políticas de orientación, formación, e cualificación profesional da Comunidade Autónoma galega ata o ano 2006, cunha previsión de mais de 1.100.000 beneficiarios e un investimento superior aos 1.208 millóns de euros.

O PGFP destaca a necesidade de obter un sistema integrado de cualificación, formación e orientación profesional que permita:

1. Asegurar niveis de calidade de formación homologables no contexto europeo.
2. Posuír unha alta valoración no seo das organizacións produtivas e que sexa percibido pola sociedade como unha vía de acceso ao emprego e de progreso profesional e social.
3. Mellorar a calidade da formación profesional.
4. Para conseguir estes obxectivos, os principais programas de actuación que recolle o PGFP son os seguintes:
 - Reforzar as institucións da FP.
 - Mellorar a ordenación do sistema.
 - Participación dos axentes sociais no sistema da FP.
 - Observar o mercado do traballo.
 - Elaborar as cualificacións profesionais vinculadas á estrutura produtiva de Galicia.
 - Implantar un sistema de recoñecemento, avaliación e certificación da competencia da poboación activa.
 - Colaborar nas empresas e nos centros formativos.
 - Crear unha rede integrada de información e orientación profesional.
 - Crear unha rede de centros integrados de FP.
 - Crear unha rede estrutura integrada de formación do profesorado.
 - Reforzar a implantación da FP de base.
 - Implantar ciclos e especialidades formativas relacionados especialmente co desenvolvemento rexional e local.
 - Promover profesións non vocacionais con demanda no mercado de traballo.
 - Formación profesional inicial para novos que buscan o primeiro emprego.
 - Incrementar a FP a distancia.
 - Apoiar os traballadores con contratos formativos.
 - Implantar un plan de calidade e avaliación dos subsistemas de FP.

FORMACIÓN OCUPACIONAL XESTIONADA POLO SPEE-INEM

Nun principio a Formación Ocupacional era levada a cabo polo INEM, pero as transferencias da xestión desta formación ás comunidades autónomas e a asignación da formación de traballadores ocupados a entidades distintas ao instituto,

motivou que nos cadros seguintes se reflectan os datos de formación levada a cabo polo SPEE-INEM en centros nacionais dependentes do SPEE-INEM. No total dos cursos impartidos en toda España, veñen tamén reflectidos aqueles cursos impartidos nas comunidades autónomas onde aínda non teñen transferida a xestión da formación ocupacional como o País Vasco, A Rioxa, Ceuta e Melilla ou Murcia.

Nas transferencias da Formación Ocupacional, a Administración do Estado, resérvase, entre outras funcións, a elaboración de estatísticas de formación ocupacional para fins estatais.

Cursos xestionados polo INEM. Decembro. 2005.

■ Cadro 6.17

	Cursos func. ano anterior	Cursos iniciados ano	Cursos rematados ano	Cursos func. Ano actual
A Coruña	4	7	6	5
Lugo	2	2	3	1
Ourense	3	2	3	2
Pontevedra	2	1	3	0
Galicia	11	12	15	8
España	473	1.480	1.554	399

Fonte: SPEE - INEM

Como reflite o cadro 6.17 o número de cursos xestionados polo SPEE-INEM en Galicia é reducido, e en consecuencia o número de alumnos tamén (cadro 6.18)

■ Cadro 6.18

Movemento de alumnos en cursos xestionados polo INEM. Decembro. 2005.

	Formación ano anterior	Altas no ano	Baixas no ano				Total	Formación ano actual
			Rematan curso		Sen rematar curso			
			Aval. positiva	Aval. negativa	Colocación	Outras causas		
A Coruña	61	117	70	11	2	19	102	76
Lugo	33	28	33	14	0	0	47	14
Ourense	44	36	35	6	3	7	51	29
Pontevedra	30	21	45	0	0	6	51	0
Galicia	168	202	183	31	5	32	251	119
España	6.187	23.930	18.400	820	2.911	2.731	24.862	5.255

Fonte: SPEE - INEM

Se tomamos como centro de atención as familias profesionais ás que se impartiron e finalizaron cursos en 2005, observamos que só se realizaron cursos en oito delas: agraria, servizos a empresas, formación complementaria, Industrias Gráficas, industria pesada e construcións metálicas, industrias de madeira e a cortiza, servizos á Comunidade e persoais e turismo e hostalaría.

■ **Cadro 6.19**

Cursos xestionados polo INEM. 2005.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Agraria	0	0	1	0	1	8
Administración e oficinas	0	0	0	0	0	157
Artesanía	0	0	0	0	0	3
Automoción	0	0	0	0	0	15
Comercio	0	0	0	0	0	96
Docencia e investigación	0	0	0	0	0	23
Servizos a empresas	1	0	1	3	5	617
Edificación e obras públicas	1	2	0	0	3	57
Formación complementaria	0	0	0	0	0	20
Fabric. de equipos mecánicos, eléct. e electrónicos	0	0	0	0	0	30
Industrias agroalimentarias	1	0	0	0	1	47
Industrias gráficas	0	0	0	0	0	0
Información e manifestacións artísticas	0	0	0	0	0	13
Industria pesada e construcións metálicas	1	0	0	0	1	83
Industrias químicas	0	0	0	0	0	8
Industrias téxtiles, da pel e do coiro	0	0	0	0	0	6
Industrias da madeira e a cortiza	0	1	0	0	1	13
Minería e primeiras transformacións	0	0	0	0	0	0
Montaxe e instalacións	1	0	0	0	1	29
Mantemento e reparación	0	0	0	0	0	29
Industrias manufactureiras diversas	0	0	0	0	0	0
Pesca e acuicultura	0	0	0	0	0	1
Produción, transf. e distrib. de enerxía e auga	0	0	0	0	0	3
Sanidade	0	0	0	0	0	55
Seguros e finanzas	0	0	0	0	0	16
Servizos á comunidade e personais	0	0	1	0	1	56
Transportes e comunicacións	0	0	0	0	0	127
Turismo e hostalaría	1	0	0	0	1	42
Total	6	3	3	3	15	1.554

Fonte: SPEE - INEM

6.3. Formación ocupacional

6.3.1 Programación da formación ocupacional

Neste apartado presentamos unha serie de comentarios e conclusións ao avance da memoria facilitada pola Consellería de Traballo que se recolle no epígrafe anterior (6.2), sobre as súas actuacións no ano 2005, no ámbito da formación ocupacional.

As dúas vías coas que conta a Consellería de Traballo para elaborar a súa programación de formación profesional ocupacional son: o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) e o Fondo Social Europeo (FSE)

O cadro 6.1 mostra un resumo do que supuxo a programación do ano 2005:

■ O presuposto total (Plan FIP e FSE) experimentou un incremento (52.792.521 euros en 2004 e 53.713.468 euros en 2005), aínda que o aumento só se produciu nos fondos destinados ao Plan FIP, pasando de 49.257.345 euros en 2004 a 50.747.288,06 euros en 2005.

■ Os fondos destinados ás accións do FSE diminuíron (3.265.176 euros en 2004 e 2.996.180,15 euros en 2005), pasando a diferenza a incrementar o presuposto das accións do Plan FIP.

■ O número de cursos realizados dentro das accións do Plan FIP diminuíu lixeiramente (1.714 en 2004 e 1.672 en 2005), manténdose practicamente igual os do FSE (720 en 2004 e 729 en 2005).

■ Os alumnos participantes nos cursos programados en 2005 diminuíron na súa totalidade (40.033 en 2004 e 35.587 en 2005) aínda que a diminución foi maior no número de alumnos das accións formativas do Plan FIP (29.331 en 2004 e 25.596 en 2005)

6.3.1 I. Plan FIP

Como reflectimos no apartado anterior o Plan FIP é o que concentra a maior parte do presuposto, así como o número de cursos e alumnos das accións de formación profesional ocupacional.

Estas accións distribúense en áreas funcionais (cadros 6.5, 6.6, 6.7 e 6.8), que son unha agrupación de bisbarras en conxuntos territoriais axustados ás necesidades do servizo, tomando como base a división territorial do Mapa Comarcal de Galicia. Mediante estas áreas funcionais preténdese agrupar aqueles concellos que teñen unhas características comúns no referente a necesidades de formación e, polo tanto, no referente a desemprego. Mediante un estudo das prioridades de programación da formación profesional ocupacional realizado polo Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, extráense conclusións das catro provincias galegas sobre a priorización das especialidades e familias formativas que refliten e reverteren en mellores resultados.

Tendo en conta o tipo de entidades que imparten os cursos do Plan FIP, distínguense as seguintes categorías:

A) Cursos impartidos por Centros Colaboradores

Maioritariamente os cursos do Plan FIP son impartidos por centros colaboradores, que han de estar previamente homologados en incluídos no censo de centros colaboradores.

No ano 2005 impartíronse 1.433 cursos por centros colaboradores (1.350 en 2004) aos que asistiron un total de 22.377 alumnos (23.037 en 2004), cun presuposto de 44.006.420,28 euros (41.367.384 en 2004). Observamos que con respecto ao ano anterior o número de cursos aumentou e tamén o presuposto pero o número de alumnos diminuíu en 660. Non sabemos se a demanda formativa foi menor; se os cursos programados non tiveron o número de solicitudes previstas ou se as características dos cursos requirían unha ratio menor entre profesor e alumnos.

O presuposto destinado aos cursos impartidos polos centros colaboradores representa o 86,72% do destinado á totalidade do Plan FIP e o 81,93% do adxudicado á totalidade da Formación Profesional Ocupacional.

Se centramos a análise comparativa nas catro provincias galegas, observamos:

■ Na provincia da Coruña diminúen con respecto ao ano anterior, tanto no número de cursos (472 en 2004 e 454 en 2005), coma no número de alumnos (7.863 en 2004 e 7.070 en 2005) e o presuposto (14.726.080 euros en 2004 e 14.516.401,41 en 2005).

■ Na provincia de Lugo mantense o mesmo número de cursos (282), diminúe o número de alumnos (4.735 en 2004 e 4.274 en 2005) e aumenta lixeiramente o presuposto (7.487.520 euros en 2004 e 7.579.525 en 2005)

■ En Ourense é onde se dá un maior aumento do número de cursos, incrementábase en 23 con respecto ao ano anterior (277 en 2004 e 300 en 2005) e consecuentemente tamén aumentou o número de alumnos (4.645 en 2004 e 4.729 en 2005) e o presuposto (8.649.810 en 2004 e 9.290.084 en 2005).

■ En Pontevedra o aumento de cursos é de 20, (377 en 2004 e 397 en 2005), aínda que diminuíron os alumnos (6.680 en 2004 e 6.304 en 2005) e aumentou lixeiramente o presuposto (12.057.737 euros en 2004 e 12.620.408 euros en 2005).

■ A provincia da Coruña obtivo o 32,98% do presuposto, seguida de Pontevedra cun 28,67%, a Ourense asignóuselle o 21,11% do presuposto e a Lugo o 17,22%.

B) Cursos con Medios propios (cadro 6.12 e 6.13)

Os cursos impartidos con medios propios sufriron unha importante diminución con respecto ao ano anterior, pasando de 255 en 2004 a 169 en 2005, cunha importante redución do número de alumnos (4.298 en 2004 e 1.889 en 2005), aínda que non así do presuposto (6.193.118 euros en 2004 e 5.466.670 en 2005).

Descoñecemos se este descenso no número de accións formativas é debido á situación do propio centro, equipamento destes, especialidades que imparten ou outras causas.

C) Cursos con compromiso de contratación (cadro 6.10 e 6.11)

Aínda que o número de cursos con compromiso de contratación aumentou (58 en 2004 e 62 en 2005) o número de alumnos mantívose (886 en 2004 e 885 en 2005) e en consecuencia o número de compromisos de contratación.

Esta fórmula formativa tan só supuxo o 2,31% do presuposto total e un 3,45% (2,21% en 2004) do número total de alumnos.

Por provincias observamos que a distribución é similar en todas elas, agás en Pontevedra que supera as outras tres, pero só en número de cursos, non así no número de alumnos, nin no presuposto, que é o máis pequeno de toda a Comunidade.

Parecería conveniente incidir neste modelo formativo, xa que ao xuntar as necesidades formativas coas contratacións que vai realizar a propia empresa que os formou, cabe esperar que se satisfagan tanto as necesidades de inserción laboral dos alumnos, como a necesidade de traballadores formados que ten a empresa.

D) Acci3ns Formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) (cadro 6.14)

Ímonos centrar exclusivamente nas acci3ns formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo dirixidas a traballadores desempregados.

No ano 2005 o n3mero de cursos sufriu un lixeiro aumento (196 en 2005 e 193 en 2004) con respecto ao ano anterior; ao igual que o n3mero de alumnos, pero non así no presuposto que experimentou un lixeiro descenso.

Na distribuci3n dos cursos por modelos formativos apreciamos, que lonxe do desexable, os cursos con compromiso de contrataci3n pasan de 112 en 2004 a 85 en 2005.

6.3.2. Insecci3n Laboral

Un dos principais obxectivos da pol3tica formativa 3 a mellora da cualificaci3n profesional e, a trav3s dela, a mellora das oportunidades de colocaci3n dos traballadores desempregados.

3 fundamental o estudo da relaci3n formaci3n-emprego co fin de co3ecer o grao de adaptaci3n efectiva que se consegue entre a formaci3n ocupacional impartida e os requirimentos dos traballadores.

Un estudo sobre a calidade da inserci3n da formaci3n ocupacional impartida pretende obter unha visi3n xeral de como se produce a inserci3n, en que tipo de traballos, se lles serviu a realizaci3n do curso na busca emprego e cal 3 o grao de satisfacci3n obtido polo alumno.

O seguimento da inserci3n laboral ten como obxectivo comprobar o grao de incidencia que a Formaci3n Profesional Ocupacional exerce sobre a colocaci3n, en relaci3n cos alumnos formados no marco do Plan Nacional de Formaci3n e Inserci3n Profesional e que finalizaron o mesmo con avaliaci3n positiva.

Excl3use deste estudo os alumnos formados que por colocaci3n ou por outras causas, non finalizaron o curso, e aqueles que realizaron cursos con compromiso de contratar como m3nimo o 60% dos alumnos formados durante un per3odo de seis meses.

O estudo da incidencia da formaci3n no mercado de traballo, leva a cabo durante o per3odo que transcorre dende a finalizaci3n do curso e durante os doce meses seguintes, mediante cruzamento inform3tico da base de datos de formaci3n coa base de datos das demandas de emprego, ou compr3banse que alumnos se deron de baixa por colocaci3n, consider3ndose baixas por colocaci3n as seguintes:

- Baixa por colocaci3n comunicada con ou sen oferta previa
- Baixa por colocaci3n presentada por contrato con ou sen oferta previa
- Baixa por colocaci3n por alta na Seguridade Social
- Baixa por colocaci3n continuada de fixo discontinuo
- Baixa por colocaci3n en R.E.T.A.
- Baixa por colocaci3n (oferta nomeada)

Estas baixas na demanda por colocación prodúcense por un cruzamento entre a base de datos de demandantes de emprego e o rexistro de contratos e as altas na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

As variables que se teñen en conta para as análises da inserción laboral son: xénero, idade, nivel académico, familias profesionais e especialidades formativas máis significativas.

Nesta análise da inserción laboral non se discrimina se o traballo conseguido está relacionado co curso de formación realizado ou se o alumno participou en maior ou menor medida na busca de emprego.

Sería conveniente coñecer en que profesións se inseriron os alumnos (se están ou non relacionados co curso formativo), que modalidade contractual se utilizou, cual foi o tempo medio de busca de emprego ou canto tempo durou a inserción.

Inserción laboral FIP sen compromiso. Por familias profesionais. 2005

■ Cadro 6.20

	Alumnos aprobados	Atoparon traballo	%
Agraria	228	122	53,51
Administración e oficinas	2.052	1.222	59,55
Artesanía	221	83	37,56
Automoción	152	116	76,32
Comercio	719	395	54,94
Docencia e investigación	182	105	57,69
Servizos ás empresas	5.953	3.222	54,12
Edificación e obras públicas	803	540	67,25
Formación complementaria	28	11	39,29
Industrias de fabric. equipos electromecánicos	217	152	70,05
Industrias alimentarias	212	117	55,19
Industrias gráficas	31	13	41,94
Información e manifestacións artísticas	146	91	62,33
Industria pesada e construcións metálicas	255	201	78,82
Industrias químicas	54	27	50,00
Industrias téxtiles	308	140	45,45
Industrias da madeira e a cortiza	167	99	59,28
Montaxe e instalación	234	149	63,68
Mantemento e reparación	65	40	61,54
Pesca e acuicultura	9	6	66,67
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	80	47	58,75
Sanidade	1.232	622	50,49
Seguros e finanzas	882	519	58,84
Servizos á comunidade e persoais	1.051	522	49,67
Transporte e comunicacións	648	470	72,53
Turismo e hostalaría	642	401	62,46
Total	16.571	9.432	56,92

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

O cadro 6.20 móstranos os datos de inserción laboral do Plan FIP sen compromiso de contratación para o ano 2004, por familias profesionais.

Como en anos anteriores existen unha serie de especialidades que superan o 60% e mesmo o 70% de inserción, como é o caso da industria pesada e construcións

metálicas (78,82%), automoción (76,32%), transporte e comunicacións (72,53%), industria de fabricación de equipos electrónicos (70,05%), edificación e obras públicas (67,25%), pesca e acuicultura (66,76%), montaxe e instalacións (63,68%), turismo e hostalaría (62,46%), Información e manifestacións artísticas (62,33%) e administración e oficinas (59,55%).

Existen especialidades que aínda tendo unha alta porcentaxe de inserción viron reducida a mesma como Pesca e acuicultura que pasou do 78,57% ao 66,76% ou Producción, transformación e distribución de enerxía e auga que no anterior estudo de inserción laboral contaba cunha porcentaxe do 68,25% e no de 2004/05 cun 58,65%.

Produciuse un aumento significativo de porcentaxe de inserción na especialidade agraria cun 38,87% en 2003/04 e un 53,51% en 2004/05.

A especialidade de artesanía cun 37,56% de inserción segue sendo unha das máis baixas seguida de Formación Complementaria (esta especialidade non aparecía no estudo de 2003/04) cun 39,29% e de industrias gráficas cun 41,94%.

Inserción laboral FIP sen compromiso. Por idade. 2005.

■ Cadro 6.21

	Alumnos aprobados	Atoparon traballo	%
Entre 25 e 45	10.851	6.489	59,80
Máis de 45	2.149	713	33,18
Menos de 25	3.569	2.228	62,43
Total	16.569	9.430	56,91

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Segundo idade (cadro 6.21) observamos unha maior inserción canto menor é a idade: 62,43% para os menores de 25 anos e 33,18% para os maiores de 45.

Inserción laboral FIP sen compromiso. Por sexo. 2005.

■ Cadro 6.22

	Alumnos aprobados	Atoparon traballo	%
Homes	5.809	3.672	63,21
Mulleres	10.762	5.760	53,52
Total	16.571	9.432	56,92

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Por sexo, aínda que o número de alumnas formadas (10.762) é moi superior ao de homes (5.809), segue destacando a maior inserción laboral dos homes (63,21%) fronte ao de mulleres (53,52%, 3,4 puntos por debaixo da media), poñendo novamente de manifesto as dificultades das mulleres para acceder ao mercado laboral.

Por provincias, os resultados foron similares nas catro provincias galegas, destacando Pontevedra (59,18%), seguida da Coruña (58,64%), Lugo (55,99%) e en último lugar Ourense (51,49%). A porcentaxe total das catro provincias dá un resultado global de inserción dun 56,92%.

A inserción laboral do Plan FIP con compromiso de contratación chegou, como era esperable, ao 90,33%.

6.4. Formación continua

A Formación Continua dos traballadores ocupados atópase supeditada ao Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de Formación Profesional Continua.

Coa aprobación do Rd 552/2006 do 5 de maio, prodúcese unha importante modificación, ao ampliarse os medios económicos adscritos ás funcións e servizos traspasados polo Rd 146/1993, do 29 de xaneiro, que ten por obxecto o financiamento de determinadas funcións e servizos relativos á Formación Continua, e que terá efectividade a partir do 1 de xullo de 2006.

A Formación Continua é aquela que ten como finalidade proporcionar aos traballadores ocupados a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que teñan os coñecementos e prácticas axeitadas ás demandas das empresas e permitan ao traballador unha mellora da súa capacidade profesional e promoción individual.

A Fundación Estatal para a Formación no Emprego (actualmente Fundación Tripartita para a Formación no Emprego) é a encargada da xestión desta formación, todo iso sen prexuízo das funcións que corresponden ao SPEE e ás comunidades autónomas e contando coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

O obxectivo da Formación Continua de contribuír á adquisición de novos coñecementos e reciclaxe permanente, para así lograr unha maior promoción e integración social dos traballadores e maior competitividade das empresas, preténdese alcanzar dando protagonismo aos axentes sociais, ás comunidades autónomas e resaltando a importancia dos acordos que sobre ela se alcancen na negociación colectiva, e todo iso, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea e seguindo as prioridades de formación marcadas na Estratexia Europea de Emprego e Fondo Social Europeo.

6.4.1. Beneficiarios da formación continua

A Formación Continua vai dirixida a:

- Traballadores asalariados de empresas privadas ou entidades públicas empresariais que coticen á Seguridade Social en concepto de Formación Profesional.
- Traballadores fixos discontinuos en períodos de non-ocupación, os que accedan á situación de desemprego cando se atopen en períodos de formación e os acoillidos a regulación de emprego nos períodos de suspensión do emprego.
- Os incluídos no Réxime Especial Agrario, autónomos, traballadores do Réxime Especial do Mar e outros que non coticen pola continxencia de formación, poderán participar a través dos contratos programa.
- Os socios traballadores e de cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades de economía social.

■ Persoal ao servizo da Administración Pública, poderán participar a través dos programas específicos que se acorden para a Administración.

Terán a consideración de colectivos prioritarios os que así se acorden no ámbito de decisión do Estado e Fondo Social Europeo. Actualmente teñen esta consideración: os traballadores de pequenas e medianas empresas (especialmente menos de 50 traballadores), as mulleres, minusválidos, os maiores de 45 anos e os non cualificados.

6.4.2. Accións de formación continua en empresas, incluíndo permisos individuais de formación

Son aquelas accións dirixidas á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas en unidades pedagóxicas con obxectivos, contidos e duración propios. Son accións relacionadas especificamente coa actividade da empresa e tamén aquelas de carácter xeral que van dirixidas a proporcionar competencias profesionais transferibles a outras empresas ou ámbitos laborais. A execución destas accións se planifica, organiza e xestiona polas empresas para os seus traballadores.

Comprende tamén os permisos individuais de formación, que teñen como obxecto facilitar aos traballadores a realización de accións de formación para a obtención dunha titulación oficial, sen custo para a empresa onde traballa.

O financiamento lévase a cabo de conformidade coa Lei de Presupostos Xerais do Estado, a través dos créditos aprobados para o SPEE, aos do Fondo Social Europeo e dos créditos específicos para traballadores ocupados que non teñan obriga de cotizar polas continxencias de formación profesional.

Cada empresa disporá dun crédito para formación que poderá facer efectivo mediante a aplicación de bonificacións da Seguridade Social. A propia empresa poderá organizar e xestionar o programa de formación dos seus traballadores ou contratalo cun centro ou institución especializada, non podendo esta subcontratar a impartición da formación.

As empresas, segundo o art. 12.2 do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto poderán agruparse, entendendo por isto a unión dunha ou máis empresas co fin de xestionar conxuntamente a formación.

As empresas comunicarán á Fundación Estatal para a Formación no Emprego, cunha antelación mínima de 15 días ao inicio da formación, os seguintes datos: data, horario e lugar; denominación e contidos básicos, modalidade de impartición e relación ou listado de traballadores participantes. Nas accións de teleformación, a comunicación dos participantes poderá realizarse a medida que estes se vaian incorporando.

Así mesmo, están obrigados a comunicar a finalización dos grupos de formación á finalización de cada grupo ou do total da formación impartida, sempre antes de que finalice o mes de decembro do respectivo exercicio económico.

A información da finalización debe conter polo menos: denominación e modalidade de impartición, lugar, datas, número de horas, participantes, custo total do grupo e bonificacións aplicables pola empresa.

Igualmente comunicárase aos representantes legais dos traballadores a comunicación do inicio da formación e someteranse ás accións estipuladas de seguimento e control.

Aínda que a Comunidade Autónoma de Galicia leva a cabo accións de formación de traballadores ocupados, a Formación Continua aquí recollida ten aplicación en todo o territorio nacional, e poderá executarse en todo o exercicio anual.

6.4.3. Contratos programas para a formación de traballadores

Os Contratos Programa teñen por obxecto a mellora das competencias e cualificación e a especialización dos traballadores ocupados, sen que teñan que intervir as empresas para as que prestan servizos.

Existen varios tipos de Contratos Programas:

- Contratos Programas para a execución de Plans de Formación intersectorial, dirixidos á formación en competencias transversais e horizontais a varios sectores, podendo ser beneficiarios as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- Contratos Programas para a execución de Plans de Formación acordados en negociación colectiva e dirixidos a traballadores dun sector produtivo concreto. Poden ser beneficiarias as entidades creadas ao amparo da negociación colectiva sectorial, así como organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- Contratos Programa para a execución de Plans de Formación que incorporen traballadores e socios traballadores e de traballo de dous ou máis cooperativas, sociedades laborais e outras empresas e entidades de economía social. Poderán beneficiarse as confederacións e federacións de cooperativas e sociedades laborais.

A duración dos Contratos Programa, xa sexa de ámbito estatal ou autonómico, poderá ser anual ou plurianual, ata un máximo de dous anos.

A xestión dos Contratos Programa que corresponde ao SPEE financiarase con cargo ao seu presuposto de gastos, mentres que os de ámbito autonómico farano de conformidade co establecido no art. 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

6.4.4. Accións complementarias e de acompañamento á formación

Estas accións teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse aos cambios do sistema produtivo e analizar a repercusión da Formación Continua na competitividade das empresas e a cualificación dos traballadores. Perséguese a elaboración de produtos ou ferramentas innovadoras e a determinación das necesidades de formación para a consecución dun progreso económico.

As Accións Complementarias e de Acompañamento da Formación Continua débense adaptar aos seguintes tipos:

- Accións de estudo e investigación destinadas á elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador para mellorar os sistemas pedagóxicos e organizativos da Formación Continua.
- Accións de avaliación da Formación Continua.
- Accións de promoción e difusión da Formación Continua.

Ao igual que os Contratos Programa, as de ámbito autonómico fináncianse con cargo aos créditos da Comunidade Autónoma segundo o art. 86 da Lei 47/2003, Xeral de Presupostos. Os que son competencia do SPEE fináncianse con cargo aos seus presupostos.

Poderán ser beneficiarias as empresas, entidades ou organizacións, que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades tipificadas como accións financiáveis ou relacionadas coa Formación Continua. Non poderán ser beneficiarias as Administracións Públicas.

A evolución das accións formativas nas empresas segundo a tipoloxía da acción formativa vémosla reflectida no cadro 6.23.

Cadro 6.23

Evolución das accións formativas nas empresas. Segundo a tipoloxía da acción formativa.

	Grupos formativos notificados 2004	%	Grupos formativos notificados 2005	%	Participantes notificados 2004	%	Participantes notificados 2005	%
Modalidade de impartición								
Presencial	2.325	76,5	3.768	69,3	19.633	72,6	29.059,00	66,7
A distancia	293	9,6	881	16,2	3.308	12,2	7.093,00	16,3
Mixta	329	10,8	629	11,6	3.405	12,6	6.499,00	14,9
Teleformación	93	3,1	162	3,0	689	2,5	933,00	2,1
Tipo de acción formativa								
Xenérica	2.136	70,3	3.510	64,5	19.327	71,5	29.603,00	67,9
Específica	904	29,7	1.930	35,5	7.708	28,5	13.981,00	32,1
Nivel de formación								
Básico	1.532	50,4	2.300	42,3	13.468	49,8	21.130,00	48,5
Medio/Superior	1.508	49,6	3.140	57,7	13.567	50,2	22.454,00	51,5
Total	3.040	100	5.440	100	27.035	100	43.584	100

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

Se tomamos como referencia a modalidade de impartición, apreciamos que a formación presencial diminúe tanto en grupos coma en participantes, a formación a distancia aumenta significativamente en grupos e participantes ao igual que a mixta e a teleformación diminúe lixeiramente en grupos e en participantes.

Polo tipo de acción formativa, a xenérica diminúe, seguindo a tendencia do resto de España, tanto en grupos coma en participantes e a acción formativa específica aumenta tanto en grupos coma en participantes.

As accións de nivel de formación básico diminúen, como no resto de España, pero seguen sendo superiores ás do territorio nacional en relación coas de nivel medio/superior.

As de nivel medio/superior aumentan tanto en grupos coma en participantes. O aumento, especialmente en grupos, é bastante superior ao do resto de España, pero segue sendo inferior en valores totais.

Accións de formación continua nas empresas. Galicia.
Evolución do sistema de bonificacións 2004-2005. Participantes en proceso formativo.
Segundo estrato de asalariados, sector de actividade e ano de bonificación.

■ Cadro 6.24

	Participantes notificados		
	2004	2005	Variación interanual
Intervalos de cadro de persoal			
De 1 a 5	1.414	3.149	122,7
De 6 a 9	583	1.233	111,5
De 10 a 49	5.177	8.353	61,3
De 50 a 99	2.545	3.921	54,1
De 100 a 249	3.562	6.375	79,0
De 250 a 499	1.429	3.001	110,0
de 500 a 999	3.183	4.882	53,4
De 1.000 a 4.999	5.445	9.589	76,1
Máis de 4.999	8.615	9.843	14,3
Total	31.957	50.350	57,6
Sector de actividade			
Agricultura	262	514	96,2
Industria	10.376	15.320	47,6
Construción	2.231	4.239	90,0
Comercio	3.574	7.094	98,5
Hostalería	1.108	1.619	46,1
Servizos	14.076	20.408	45,0
Total	31.957	50.350	55,5

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

No cadro 6.24, sobre participantes en procesos formativos segundo estrato de asalariados, sector de actividade e ano de bonificación observamos:

■ Tomando como referencia os intervalos de equipo, o aumento é moi significativo na pequena e mediana empresa, especialmente nas empresas de 1 a 5 traballadores, nas de 6 a 9 traballadores e nas de 250 a 499 traballadores. Aínda que en Galicia séguese a tendencia do resto de España, o aumento é maior nas empresas entre 1 e 5 traballadores e nas de entre 6 e 9 traballadores.

■ Se nos centramos no sector de actividade, observamos que o aumento máis destacable produciuse no do comercio e no da agricultura. No resto do territorio nacional foi o sector da agricultura o que destacou polo aumento de accións formativas.

Accións de formación continua nas empresas. Total España.
Evolución do sistema de bonificacións 2004-2005. Participantes en proceso formativo.
Segundo estrato de asalariados, sector de actividade e ano de bonificación.

■ Cadro 6.25

	Participantes notificados		
	2004	2005	Variación interanual
Intervalos de cadro de persoal			
De 1 a 5	16.468	31.249	89,8
De 6 a 9	8.245	16.654	102,0
De 10 a 49	64.169	126.283	96,8
De 50 a 99	44.401	84.951	91,3
De 100 a 249	70.446	127.274	80,7
De 250 a 499	51.181	86.159	68,3
de 500 a 999	59.036	92.733	57,1
De 1.000 a 4.999	136.775	212.717	55,5
Máis de 4.999	208.450	238.867	14,6
Total	659.472	1.016.942	54,3
Sector de actividade			
Agricultura	2.110	5.547	162,9
Industria	156.344	252.439	61,5
Construción	29.149	53.798	84,6
Comercio	106.689	129.948	21,8
Hostalería	40.946	68.494	67,3
Servizos	316.296	475.483	50,3
Total	659.472	1.016.942	51,3

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

6.5. Outras políticas activas de Emprego

6.5.1. Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral

No marco das Medidas Activas de Emprego as accións dirixidas á contratación por conta allea teñen como finalidade favorecer a estabilidade e a creación de emprego e facilitar a inserción laboral de desempregados con maiores dificultades no mercado de traballo, complementando a comunidade autónoma os incentivos e subvencións establecidas polas medidas estatais de fomento de emprego.

O conxunto de actuacións neste ámbito reflítese no cadro 6.26.

■ Cadro 6.26

	Nº empresas	Nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	365	417
Fomento da contratación indefinida	4.485	7.005
Fomento dos contratos en prácticas	1.564	2.226
Conciliación da vida laboral e familiar	243	261
Contratación de traballadores en risco de exclusión social	387	470
Total	7.044	10.379

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Dos distintos programas que conforman as actuacións para o fomento da estabilidade e de emprego por conta allea beneficiáronse 10.379 (12.123 en 2004) desempregados. Destes, accederon a un contrato indefinido 7.005 traballadores (3.032 en 2004), 2.226 corresponden á modalidade de contratación en prácticas (2.902 en 2004), 470 foron contratos temporais celebrados con desempregados pertencentes a colectivos de risco de exclusión social (231 en 2004) e 261 traballadores beneficiáronse dos incentivos para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar (770 en 2004).

A liña de subvención que se dirixe a potenciar os contratos en prácticas ten como obxectivo mellorar a duración destes contratos como mínimo a un tempo non inferior a 12 meses, ao tempo que incentiva a contratación en prácticas vinculada a proxectos de I+D. O número de traballadores receptores deste programa foi de 2.226.

Outra fórmula de actuación diríxese a subvencionar a substitución de traballadores por maternidade, adopción e acollemento e por excedencia para coidado de fillo, favorecendo a conciliación da vida laboral e familiar. Compléméntanse mediante estas axudas as bonificacións establecidas en materia de Seguridade Social co obxectivo de trasladar o custo de tales continxencias á administración para mino- rar así os seus efectos sobre o empresario e facilitar a substitución de traballadores por maternidade/ paternidade. Con este fin concedéronse axudas para 243 empresas e 261 traballadores.

Para finalizar, concedéronse 470 axudas para outros tantos traballadores en risco de exclusión social e para 387 empresas.

6.5.2. Actuacións para o desenvolvemento da economía social e o autoemprego

A. Promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais

As medidas de fomento de emprego contémpnanse como medidas de apoio a novas iniciativas e fórmulas empresariais que se engloban baixo o concepto de economía social (cooperativas, sociedades laborais, autónomos, lle, iniciativas de emprego rural, etc.).

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.27

	Nº expedientes	Nº traballadores
Iniciativas de emprego: ILES / IER / IEBT's	279	348
Aboamento de cotas á Seguridade Social	224	158
Axudas a cooperativas e sociedades laborais	317	545
Adquisición da condición de socio traballador	293	293
Promoción do emprego autónomo	6.790	5.869
Creación ou ampliación de centros especiais de emprego	25	94
Mantemento de centros especiais de emprego	100	1.353
Emprego autónomo de traballadores con discapacidade	167	89
Total	8.195	8.749

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

En 2005 beneficiáronse 8.749 (2004: 7.468) traballadores das axudas ao autoemprego e á economía social, deles 545 (2004: 623) obtiveron axudas do programa de promoción de emprego en cooperativas e sociedades e 293 (2004: 270) para a adquisición da condición de socio traballador.

As rendas para o inicio da actividade configúranse como unha axuda aos desempregados para a adquisición da condición de socio traballador dunha cooperativa de traballo ou sociedade laboral.

B. Apoio ao emprego autónomo

No ano 2005 foron 5.869 (2004: 5.765) os desempregados que se beneficiaron deste programa que pretende fomentar a creación do propio negocio ou actividade como traballador autónomo.

C. Iniciativas de emprego: locais, rurais e de base tecnolóxica

Comprende tres tipos de actividades: as iniciativas locais de emprego (Ile), as iniciativas de emprego rural (IER) e finalmente, as iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT). Todas elas posibilitaron a colocación de 348 desempregados (2004: 314).

6.5.3. Integración laboral de traballadores con minusvalidez

A incorporación ao mercado de traballo deste colectivo leva a cabo a través da creación ou ampliación de centros especiais de emprego, o que supuxo a incorporación de 94 traballadores (2004: 93), o mantemento do persoal minusválido dos 100 centros especiais de emprego xa existentes e que ocupan 1.353 traballadores (2004: 1.249) e as axudas ao autoemprego como traballadores por conta propias das que se beneficiaron 89 persoas con minusvalidez (2004: 78).

6.6. Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego

6.6.1. Programade cooperación con entidades locais

Os Programas de cooperación concíbense como un instrumento que, ademais de proporcionar aos desempregados unha experiencia laboral directa, teñen unha incidencia importante para a xeración de novas actividades económicas e de novos empregos no ámbito local e rural.

Programas de cooperación con entidades locais. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.28

	Entidade	Beneficiarios
Contratac. trab. desemp. para realiz. obras/servizos de interese xeral e social	343	4.055
Contratac. servizos públicos con determinadas empresas	34	140
Contratac. de técnicos locais de emprego	237	279
Estudos e campañas de desenvolvemento local*	69	
Total	683	4.474

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

No ano 2005 beneficiáronse das contratacións de traballadores desempregados para a realización de obras/servizos de interese xeral e social 4.055 desempregados e das contratacións de servizos públicos con determinadas empresas foron 140 os beneficiarios. Esta última modalidade pretende fomentar a consolidación ou aparición de novas empresas constituídas por desempregados a través da subvención ás entidades locais que contraten a prestación de servizos públicos con elas.

As contratacións de Técnicos Locais de Emprego chegaron a 237 pretendendo exercer de estimuladores da actividade empresarial mediante o asesoramento da viabilidade técnica, económica e financeira dos proxectos.

Os estudos e campañas de desenvolvemento local, iniciadas en 2003 co obxectivo de implicar na creación de emprego ás institucións públicas, aos axentes socioeconómicos e á poboación en xeral, alcanzaron en 2005 o número de 69.

O número total de traballadores beneficiados dos Programas de Cooperación con Entidades Locais, para o ano 2005 chegou a 4.474.

6.6.2. Programas de cooperación institucional

Estes programas de cooperación lévanse a cabo con outras administracións distintas da local, e neste marco levaron a cabo 1.013 contratacións de traballadores desempregados para a realización de obras/servizos de interese xeral e social e 224 contratacións de axentes de emprego e unidades de apoio á creación de emprego para realizar as funcións de implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación e desenvolvemento da actividade empresarial.

Programas de cooperación institucionais. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.29

	Entidade	Beneficiarios
Contratac. trab. desemp. para realiz. obras/servizos de interese xeral e social	355	1.013
Contratac. de axentes de emprego / unidades de apoio (institucional)	88	224
Total	443	1.237

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6.6.3. Escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento

No cadro 6.30 podemos apreciar as escolas obradoiros e obradoiros de emprego iniciados (50 escolas e obradoiros, con 1.793 alumnos), en funcionamento e rematados en 2005 e as que continuaron en vigor 31/12/2005.

As escolas obradoiro e obradoiros de emprego dos Camiños de Santiago reflíctense no cadro 6.31 (iniciadas 6 en 2005 con 152 alumnos).

As unidades de promoción e desenvolvemento (cadro 6.32) teñen como finalidade de intervir no ámbito supramunicipal e descubrir as potencialidades de desenvolvemento e emprego avaliando os proxectos das escolas obradoiro, casas de oficio

e obradoiros de emprego e colaborando na inserción dos seus participantes. No ano 2005 puxéronse 4 en funcionamento con 37 traballadores.

Escolas obradoiro e obradoiros de emprego. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.30

	Nº EE00 00 e 00	Nº alumnos
En funcionamento a 01/01/05	57	2.160
Rematadas a 31/12/05	50	2.033
Iniciadas en 2005	50	1.793
En vigor a 31/12/05	56	1.920

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Escolas obradoiro e obradoiros de emprego dos camiños de Santiago. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.31

	Nº EE00 00 e 00	Nº alumnos
En funcionamento a 01/01/05	6	143
Rematadas a 31/12/05	5	116
Iniciadas en 2005	6	152
En vigor a 31/12/05	7	179

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Unidades de promoción e desenvolvemento. Galicia. 2005.

■ Cadro 6.32

	UPD	Nº alumnos
En funcionamento a 01/01/05	4	37
Rematadas a 31/12/05		
Iniciadas en 2005		
En vigor a 31/12/05	4	37

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6.6.4. Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica

A finalidade deste programa é facilitar a integración sociolaboral das mulleres vítimas de violencia doméstica a través dunha dobre faceta: por unha banda a psico-social, de recuperación da propia identidade e autoestima e de proporcionar uns medios de subsistencia e doutra, a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

Galicia. 2005.

■ Cadro 6.33

Mulleres vítimas de violencia doméstica	45
---	----

Fonte: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

No ano 2005 foron 45 as beneficiarias deste programa.